

EXPEDIENTE: 5120/2023

DOCUMENTO: BASES PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO “OBRADOIRO DE EMPREGO MEDIOAMBIENTAL TORRE GOIÁNS III - BOIRO”

O 09/10/2023 recibíuse resolución de concesión de subvención por parte da xefatura territorial da Coruña, servizo de Formación e Colocación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego “OBRADOIRO DE EMPREGO MEDIOAMBIENTAL TORRE GOIÁNS III - BOIRO– BOIRO” polo importe de 531.046,20 euros para 20 alumnos traballadores/as.

O obradoiro de emprego terá unha duración de 12 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as. O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación en alternancia regulado no RD 32/2021 de 28 de decembro, polo que deberá reunir para formalizar dito contrato, os requisitos aos que alude o artigo 11,2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2015 de 23 de outubro, modificado polo Real Decreto lei 32/2021 de 28 de decembro de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e de conformidade co disposto na disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012 de 8 de novembro polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Así, resulta necesario a realización dun proceso para a selección destes 20 alumnos/as traballadores/as.

Consta dilixencia de conformidade da intervención municipal de data de 19/10/2023.

Considerando que a competencia para a aprobación das bases corresponde á alcaldía, a teor do disposto no artigo 21.1, letra g) da LRBRL.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aproba-las bases reguladoras do proceso selectivo destinado á selección de 20 alumnos/as traballadores/as, segundo o texto que se inclúe ó final deste acordo.

SEGUNDO.- Que se tramite o expediente de selección de conformidade co previsto nas bases aprobadas e que se anexan a continuación.

TERCEIRO.- Que se dea conta ao Pleno na vindeira sesión.

“BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE 20 ALUMNOS/AS-TRABALLADORES/AS DO “OBRADOIRO DE EMPREGO MEDIOAMBIENTAL TORRE GOIÁNS III – BOIRO”.

1º .- OBXECTO:

O obradoiro dual de emprego "OBRADOIRO DE EMPREGO MEDIOAMBIENTAL TORRE GOIÁNS III - BOIRO" configúranse como un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaotoito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este obradoiro está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da *Orde do 21 de abril de 2023, (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023 ppola que se establecen as bases reguladoras das*



axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023. Respéctanse polo tanto o establecido na Resolución de concesión da subvención de data 05/10/2023 con número de expediente 15/0021/2023, e a Circular de data 14/06/2023, sobre instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

O obradoiro terá unha duración de 12 meses e se formarán a 20 alumnos/as traballadores/as, nas seguintes especialidades:

CÓDIGO	ESPECIALIDADE	Nº ALUMNOS/AS - TRABALLADORES/AS
AGAO0208	INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES	10
AGAR0208	REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	10
	TOTAL	20

Os obxectos de actuación para a súa execución no desenvolvemento do proxecto son os seguintes:

- 1.- Traballos silvícolas e de prevención en masas forestais do Concello de Boiro: Monte Peón.
- 2.- Traballos silvícolas e de prevención en masas forestais do Concello de Boiro: Monte do Sino.
- 3.- Traballos silvícolas e de prevención en masas forestais do Concello de Boiro: Zona verde dos Castros de Neixón.
- 4.- Tarefas de conservación e valorización do Camiño “A Orixe”
- 5.- Mantemento e conservación da zona verde anexa ao Pazo de Goiáns.
- 6.- Axardinamento das rotondas do acceso ao Polígono de Espiñeira.
- 7.- Axardinamento e mellora paisaxística do Parque da Cachada.
- 8.- Acondicionamento do xardín da Praza de Galicia.

2º.- DENOMINACIÓN DAS PRAZAS CONVOCADAS, MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, XORNADA, RETRIBUCIÓNS E DURACIÓN:

Un total de 20 prazas de persoal laboral temporal como alumnos/as traballadores/as nas seguintes especialidades:

CÓDIGO	ESPECIALIDADE	Nº ALUMNOS/AS - TRABALLADORES/A S
AGAO0208	INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES	10



AGAR0208	REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	10
	TOTAL	20

Tipo de contrato: contrato de traballo para a formación en alternancia para a participación como alumno-a traballador-a do Obradoiro de emprego denominado “OBRADOIRO DE EMPREGO MEDIOAMBIENTAL TORRE GOIÁNS III – BOIRO”. De acordo co disposto no punto 1 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, non será de aplicación o límite de idade, nin o de duración establecido, respectivamente, no artigo 11.2.a) e b) do devandito estatuto. Así mesmo, nestes contratos as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade non interromperán o cómputo de duración do contrato.

Retribucións: O salario mínimo interprofesional vixente en cada momento e a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Xornada de traballo: tempo completo (40 horas semanais)

Duración do proxecto: 12 meses.

Horario: de 07:30 h a 15:30 h, de luns a venres.

3º.- PUBLICIDADE DO PROCESO:

As presentes bases reguladoras deste proceso de selección, unha vez aprobadas pola entidade promotora, expanse ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Boiro e na web www.boiro.gal. Ademais, enviaranse á oficina de emprego e á Xefatura Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso se darán a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello de Boiro e na web www.boiro.gal.

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como alumnos/as-traballadores/as.

Asemade, os obradoiros de emprego concedidos serán obxecto de difusión a través do Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal).

4º.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES:

Para tomar parte neste proceso selectivo toda persoa aspirante deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade: Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas ca nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pala Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.



b) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo órgano de selección medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

c) Habilitación: Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para ao desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

d) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

e) Acceso: Para acceder á formación dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade dos niveis de cualificación profesional 2 os alumnos deberán cumprir algún dos requisitos seguintes:

- a) Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- b) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade ao que desexa acceder.
- c) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional para o nivel 2.
- d) Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio, ou ben superar as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- e) Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/o de 45 anos.
- f) Ter as competencias clave necesarias para cursar con aproveitamento a formación correspondente ao certificado de profesionalidade.
- e) Non ter participado con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego nos mesmos certificados de profesionalidade que se vana a impartir, con independencia de que rematase o programa ou obradoiro de emprego anterior co resultado de apto ou non apto.

En todo caso, serán excluídas as persoas desempregadas que non reúnan os requisitos esixibles para poder asinar un contrato para a formación en alternancia, así coma as persoas candidatas que participasen con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego, xa que non poderán optar á selección para recibir formación no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o programa ou obradoiro de emprego anterior con resultado de apto ou non apto.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

5º.- TAXAS DO PROCESO SELECTIVO:

De conformidade co disposto no artigo 4, da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame (BOP da Coruña nº 166 de data de 01/09/2022), as persoas aspirantes **deberán ingresar a cantidade de 13 euros**. Terán unha bonificación do 100% da cota aquelas persoas que acrediten estar desempregadas (en situación legal de desemprego) por un período superior a 1 mes a contar dende o último día de presentación de instancias.



Terán unha bonificación do 100% da cota tributaria os titulares de familias numerosas de carácter especial, e dun 50% do cota os titulares de familia numerosa de categoría xeral. Para poder acreditar dita circunstancia coa presentación da instancia débese acompañar copia do título de familia numerosa vixente.

A devindicación da taxa producirase no momento da presentación da solicitude de inscrición nas probas selectivas.

Dita solicitude de inscrición non será tramitada ata que non faga efectivo o importe da taxa.

A falta de pago da Taxa no prazo de admisión das solicitudes, determinará a inadmisión do aspirante ás probas selectivas.

Á solicitude de inscrición haberá de acompañarse, en todo caso, xustificante de ter ingresado o importe da taxa por dereito de exame.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, a actividade técnica e/ou administrativa que constitúe o feito impoñible da taxa non se realice, procederá a devolución do importe correspondente. Polo tanto, non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado.

O sistema será a AUTOLIQUIDACIÓN, que deberá presentarse xunto co xustificante de ingreso, coa solicitude de participación no proceso selectivo de que se trate.

A autoliquidación realizarase a través do PORTAL TRIBUTARIO do Concello de Boiro, e será abonada nas oficinas das entidades colaboradoras coa recadación do concello, nas oficinas do concello mediante pago con tarxeta, ou a través da pasarela de pagos que se pon a disposición na páxina web do Concello de Boiro.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

6º.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN:

Sistema de selección: Oferta tipo T (taller de Emprego).

Localidade: Ámbito do Concello de Boiro. No caso de non atoparse candidatas/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Criterios preferentes de selección: O tribunal de selección deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 10º da Orde do 21 de abril de 2023, (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023), segundo baremo que se xunta.

As persoas candidatas deberán estar en posesión da formación necesaria para a obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2.

O número máximo de persoas candidatas a preseleccionar será determinado polo tribunal de selección, e o mínimo será, se é posible, de 60 (3 por praza). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes:

320: Escola taller programas

330: Casa de Oficio

340: Taller de emprego

370: Outros programas de emprego formación dual



O Concello de Boiro tramitará a correspondente oferta na oficina de emprego de Boiro, para proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo tribunal de selección.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada polo tribunal de selección que aplicará o baremo establecido nas presentes bases de acordo co establecido na Orde do 21 de abril de 2023, (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023), por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego (só se vai a ter en conta a documentación que se presente nese momento, non se valorará a documentación que se poida achegar máis tarde) e unha entrevista persoal, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

Convocatoria das probas: Unha vez se teña a listaxe das persoas candidatas remitidas pola Oficina de Emprego, o tribunal de selección encargárase de comunicarlles ás persoas candidatas o prazo para presentar a documentación e o calendario das probas de selección.

As persoas que non presenten a documentación en prazo ou que non acudan ás convocatorias das distintas fases do proceso quedarán excluídas.

A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros de anuncios e na páxina web do concello de Boiro www.boiro.org debendo figurar o prazo para presentar reclamacións. Debido á premura de tempo para o comezo do Obradoiro, este prazo de reclamacións será de dous (2) días hábiles como máximo.

7º.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

As persoas que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias dirixidas ó señor Alcalde-Presidente, en modelo que se engade como ANEXO, na sede electrónica do Concello de Boiro <https://boiro.sedelectronica.gal> ou no Rexistro Xeral do Concello de Boiro en horario de atención ó público (de luns a venres de 9:00 h. A 13:30 h.) durante o prazo de TRES DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte ó da reunión mantida cos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego. No caso de ser presentadas por correo postal, e a efectos de poder realiza-lo seu seguimento, as persoas solicitantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada mediante correo electrónico dirixido a persoal@boiro.org.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán achega-la seguinte documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento:

- DNI.
- Informe de vida laboral.
- Xustificante de ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%, de ser o caso.
- Xustificante de ser perceptor ou non dunha prestación (desemprego, subsidio, RAI, PREPARA, ACTIVA).
- Titulación académica.
- Informe dos servizos sociais do concello respectivo de pertencer a colectivos en risco de exclusión social.
- Responsabilidades familiares (libro de familia e certificado de convivencia).
- Xustificante de participación en IPI, de ser o caso.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.



As persoas que non presenten a documentación en prazo decaeran no seu dereito a seguir participando no proceso de selección.

8º.- CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS:

8.1.- En primeiro lugar realizarase unha entrevista na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Puntuarase ata un máximo de 11 puntos.

8.2.- BAREMO DE SELECCIÓN:

Logo da realización da entrevista e da súa puntuación procederase ó baremo segundo se especifica a continuación:

1.- MULLERES:

- As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero terán prioridade absoluta.

- En xeral1 pto.

2.- IDADE

- 18 - 29 anos 4 ptos.

- 30 - 44 anos 1 pto.

- 45 ou máis 3 ptos.

3.- DISCAPACIDADE COMPATIBLE CO POSTO

- Minusvalía > 33 % 1 pto.

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego 1 pto.

- Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA..... 2 ptos.

- Non perceptores 4 ptos.

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses1 pto.

- De 12 a 18 meses... 2 ptos.

- Máis de 18 meses... 4 ptos.

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)



- Autónomos 0 ptos.
- Grupo de cotización do 1 ó 7 0 ptos.
- Grupo de cotización 8 1 pto.
- Grupo de cotización 9 2 ptos.
- Grupo de cotización 10 3 ptos.
- Sen emprego anterior 4 ptos.

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL. (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social. A puntuación dos dous apartados non é acumulable)

Perceptores da RISGA e aqueles aos que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadroamento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido.....5 ptos.

Drogodependentes rehabilitados acreditados, ex-reclusos, persoas que abandonaron o exercicio da prostitución, traballadores inmigrantes residentes da comunidade, emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais, mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral, persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda de Administración Autonómica, e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social1 pto.

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Sen estudos e ata a ESO..... 3 ptos.
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 ptos.
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior..... 1 pto.

9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

- Unidade familiar de 4 ou máis membros 1 pto.
- Monoparental con fillo/s 1 pto.

10.- OUTROS

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)..... 2 ptos.



- As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. Serán convocados en chamamento único, quedando excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo tribunal.

- Os anuncios relativos ó proceso selectivo, expóranse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na web municipal www.boiro.org.

9º.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN:

Estará formado por un Presidente e un secretario e por tres vogais designados por medio de Resolución de Alcaldía. Todos os membros do tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

Este tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e do Secretario.

Este tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer-la incorporación ó mesmo de Técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección do tribunal, actuando con voz pero sen voto.

10º.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN:

Unha vez rematado o proceso, o tribunal de selección establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no proceso selectivo que virán dadas pola suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento realizado. Determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a-traballador/a polo Concello de Boiro. Elaborarase unha listaxe de reserva segundo a orde de puntuación acadada e, de producirse baixas ou renuncias, recorrerase a ela.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- Non ter participado nunca nun obradoiro de emprego.
- A menor cualificación profesional.
- Maior tempo acreditado como persoa demandante de emprego dende a última inscrición. A persoa de maior idade.
- Por último, o desempate realizarase mediante sorteo público.

O tribunal de selección redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial, acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

11º.- NORMAS FINAIS:

Primeira: O tribunal queda facultado para resolver tódalas cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non este prevista nestas bases.

Segunda: Debido á premura deste proceso selectivo, toda presentación de instancias, alegacións e demais escritos realizados vía correo, deberán comunicarse vía correo electrónico á dirección persoal@boiro.org co fin de realizar o perceptivo seguimento.

Terceira: Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do



Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente de aplicación.

Cuarta: Tódolos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso faranse públicos, a través da páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Quinta: Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Sexta: Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ANEXO

PROCEDEMENTO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
INSCRIPCIÓN PROCESO SELECTIVO ALUMNADO-TRABALLADOR DO "OBRADOIRO DE EMPREGO MEDIOAMBIENTAL TORRE GOIÁNS III – BOIRO"		5120/2023	SOLICITUDE
SOLICITANTE			
DNI	NOME E APELIDOS		
DATA NACEMENTO	LOCALIDADE NACEMENTO	PROVINCIA	

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
TELÉFONO	RÚA/ N°	
MUNICIPIO	PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA QUE:

Compre os requisitos sinalados na base 4ª das que rexen este proceso selectivo para contratación do alumnado/traballador do "OBRADOIRO DE EMPREGO MEDIOAMBIENTAL TORRE GOIÁNS III – BOIRO".



SOLICITA

Participar nas probas selectivas ás que se refire a presente solicitude e, asemade, se achega a seguinte documentación:

- DNI.
- Xustificante pago da taxa de dereitos de exame/ documentación xustificativa para súa bonificación
- Informe de vida laboral.
- Xustificante de ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%, de ser o caso e certificación expedida polo organismo competente relativa á compatibilidade co posto.
- Xustificante de ser perceptor ou non dunha prestación (desemprego, subsidio, RAI, PREPARA, ACTIVA).
- Titulación académica.
- Informe dos servizos sociais do concello respectivo de pertencer a colectivos en risco de exclusión social.
- Responsabilidades familiares (libro de familia e certificado de convivencia).
- Xustificante de participación en IPI, de ser o caso.

Boiro, ____ de _____ de 20 ____”

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Ó MARXE.

O ALCALDE

O SECRETARIO

